

# MEMORIA DE 1º E 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2021-2022

COORDINADOR DE CICLO: ALICIA VÁZQUEZ MÉNDEZ (1ºB)	
MESTRES TITORES E ESPECIALISTAS DO CICLO:	
JESÚS F. PIÑÓN PÉREZ	1º A
GENOVEVA ROMERO CREGO	INGLÉS
ALBA VILELA MOURIZ	2º A
ALBA LÓPEZ BRAÑAS	2º B
M.ª ÁNGELES VIDAL MÉNDEZ	RELIXIÓN
CARMEN HERMIDA GARCÍA	P.T.

## A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

### ANÁLISE DO PRIMEIRO NIVEL DE E. PRIMARIA

En liñas xerais os resultados foron positivos en canto ao previsto na programación anual. A porcentaxe impartida da programación supera o 80 % .

A **metodoloxía** empregada nas aulas tentou fomentar a participación do alumnado na súa propia aprendizaxe e potenciar o traballo colaborativo e a creatividade na medida do posible . Traballouse por pequenos proxectos as áreas de Lingua Galega, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.

Respecto ao grao de consecución dos obxectivos podemos considerar que acadamos un nivel satisfactorio tendo en conta o desenvolvemento do curso.

O seguimento da programación faise nas reunións de ciclo e na sesión de avaliación. Neste curso a porcentaxe impartida superou o 80%.

Con todo, no primeiro nivel hai 4 alumnos que non superaron algunha das materias nesta



terceira avaliación. Todos os alumnos promocionan, malia que hai varios casos que o equipo docente consideraba como oportuno que non o fixeran, pero que coa nova lei educativa (LOMLOE) non é posible.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado foi global e continua tendo en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas do currículo e foi positiva na práctica totalidade do alumnado.

Dentro do proceso de avaliación, fíxose unha análise individualizada do alumnado con dificultades de aprendizaxe e acordáronse as medidas de reforzo pertinentes indicadas para cada alumna/o.

**Alumnado con neae.** Neste nivel o alumnado con neae recibiu apoio por parte do profesorado. No mes de febreiro incorporouse outra PT ao centro dentro do Programa Acompaña o cal beneficiu ao noso ciclo no incremento de apoios ao alumnado con neae. O Departamento de Orientación levou a cabo funcións de asesoramento e a atención á diversidade.

Propostas de mellora. Seguir traballando nun enfoque competencial baseado en metodoloxías activas. Continuar coa mellora e o funcionamento da Aula Virtual e o acceso ás tecnoloxías por parte do alumnado. Seguir informando ás familias e contar con elas no proceso de ensino/aprendizaxe.

## ANÁLISE DO SEGUNDO NIVEL DE E. PRIMARIA

En liñas xerais os resultados tamén foron positivos en canto ao previsto na programación anual.

A metodoloxía empregada nas aulas tentou fomentar a participación do alumnado na súa propia aprendizaxe e potenciar o traballo colaborativo e a creatividade na medida do posible. Traballouse por proxectos e tarefas as áreas de Lingua Galega, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.

A programación de cada área atendendo ao currículo e pretende mellorar as competencias clave do alumnado. O seguimento da programación faise nas reunións de ciclo e na sesión de avaliación.

Respecto ao grao de consecución dos obxectivos podemos considerar que acadamos un nivel satisfactorio.

Con todo, no segundo nivel hai 1 alumno que non superaron algunha das materias nesta terceira avaliación. Todos os alumnos promocionan.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado foi global e continua tendo en conta o progreso no conxunto das áreas do currículo e foi positiva na práctica totalidade do alumnado.

Dentro do proceso de avaliación, fíxose un seguimento individualizado do alumnado con dificultades de aprendizaxe e tomáronse as medidas de reforzo pertinentes indicadas para cada alumno/a e rexistradas polo profesorado.

**Alumnado con NEAE.** Neste nivel o alumnado con NEAE recibiu apoio por parte do profesorado de apoio.. No mes de febreiro incorporouse outra PT ao centro dentro do Programa Acompaña o cal beneficiu ao noso ciclo no incremento de apoios ao alumnado con neae. O Departamento de Orientación levou a cabo funcións de asesoramento e a atención a diversidade.

Propostas de mellora. Seguir traballando nun enfoque competencial baseado en metodoloxías activas. Continuar coa mellora e o funcionamento da Aula Virtual e o acceso ás tecnoloxías por parte do alumnado. Seguir en contacto coas familias facéndoas partícipes do proceso de ensino/aprendizaxe.

## **B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.**

Os obxectivos non sufriron variación algunha. Os contidos e actividades programadas foron adaptándose ás necesidades e características propias de cada aula. Non houbo cambios significativos.

## **C) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.**

As modificacións feitas durante o curso foron mínimas:

- Adecuación dos contidos ao nivel do alumnado e ao ritmo da clase.
- Axustes na temporalización debido a saídas, actividades organizadas pola EAEC...

## D) Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos.

**Observación:** Estes son datos do mes de xuño, que é o momento no que se entregan as memorias.

<b>EDUCACIÓN PRIMARIA 1º NIVEL</b>									
<b>NÚMERO DE ALUMNADO</b>								<b>40</b>	
<b>ALUMNADO REPETIDORES</b>								<b>0</b>	
<b>ALUMNADO CON NEAE</b>		<b>ACI: 0</b>		<b>REFORZO: 5</b>		<b>OUTRAS: 4 (AL)</b>			
<b>ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS</b>								<b>36</b>	
<b>ALUMNADO CON UNHA MATERIA SUSPENSA</b>								<b>1</b>	
<b>ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS</b>								<b>0</b>	
<b>ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS</b>								<b>0</b>	
<b>ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS</b>								<b>3</b>	
<b>ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS</b>									
CCNN	CCSS	Ed. Art.	Ed. Física	Lingua Castelá	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Estranxeira	Rel	Valores
40	40	40	40	37	37	36	37		<b>40</b>
<b>ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS</b>									
CCNN	CCSS	Ed Art.	Ed. Física	Lingua Castelá	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Estranxeira	Rel	Valores
0	0	0	0	3	3	4	3		<b>0</b>
<b>ALUMNADO QUE NON PROMOCIONA</b>								<b>0</b>	
<b>ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS</b>								<b>0</b>	
<b>MATERIAS NON CONFORMES</b>								<b>0</b>	



<b>EDUCACIÓN PRIMARIA 2º NIVEL</b>								
<b>NÚMERO DE ALUMNADO</b>								<b>42</b>
<b>ALUMNADO REPETIDORES</b>								<b>0</b>
<b>ALUMNADO CON NEAE</b>		<b>ACS: 0</b>		<b>REFORZO: 6</b>		<b>OUTRAS: 4</b>		
<b>ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS</b>								<b>41</b>
<b>ALUMNADO CON UNHA MATERIA SUSPENSA</b>								<b>0</b>
<b>ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS</b>								<b>0</b>
<b>ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS</b>								<b>1</b>
<b>ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS</b>								<b>0</b>
<b>ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS</b>								
CCNN	CCSS	Ed. Art.	Ed. Física	Lingua Castelá	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Estranxeira	Rel. Valores
42	42	42	42	41	42	41	41	42
<b>ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS</b>								
CCNN	CCSS	Ed. Art.	Ed. Física	Lingua Castelá	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Estranxeira	Rel. Valores
0	0	0	0	1	0	1	1	0
<b>ALUMNADO QUE NON PROMOCIONA</b>								<b>0</b>
<b>ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS</b>								<b>0</b>
<b>MATERIAS NON CONFORMES</b>								<b>0</b>



## **E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.**

O próximo curso continuaremos traballando segundo o modelo que inician en infantil de aprendizaxe da lectoescritura (a partir de textos e seguindo a liña constructivista) tratando de suavizar o cambio de EI a EP e de seguir unha liña educativa coherente.

A partir da avaliación inicial, adaptar canto antes, a programación ás necesidades educativas do alumnado.

Ter presente, respecto á temporalización as posibles modificacións ocasionadas por posibles actividades ou imprevistos que non tiñamos presentes.

Continuar coa mellora da aula virtual.

Fomentar a coordinación entre niveis e etapas para mellorar no traballo das áreas de lingua no que respecta aos distintos tipos de texto e continuar na formación desta metodoloxía de traballo.

## **F) Avaliación da práctica docente.**

A avaliación da práctica docente desenvolveuse tendo en conta os instrumentos do centro. A porcentaxe de programación impartida foi adecuada. Nas reunións de ciclo e sesión de avaliación supervisouse e regulouse todo o proceso co fin de mellorar a práctica educativa.

## **G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.**

As saídas extraescolares e complementarias levadas a cabo no ciclo foron as seguintes:



- Setembro: Festival de Entes animados na Casa da Cultura.
- Novembro: saída pola contorna da Lagoa de Valdoviño e concerto da Banda das apertas na Casa da Cultura.
- Xaneiro: Visita ao Muncyrt e ao Aquarium da Coruña.
- Desfile de Entroido
- Saída polo concello para visitar os edificios públicos, concretamente a Casa do Concello(2º nivel)
- Contacontos coas familias na biblioteca do centro.
- Obradoiros de cociña (un por trimestre).
- Contacontos na Casa da Cultura de Boniface Ofogo.
- Teatro en inglés na Casa da Cultura (2º primaria).
- Excursión á Granxa Escola Beelle.
- Visitas á Casa da Cultura para ver distintas exposicións (Picasso, 50 Aniversario)
- Charla da Confraría de Cedeira e mariscadoras de Valdoviño sobre a contaminación dos plásticos nos mares e praias da contorna.
- Animación á lectura Santillana na biblioteca do centro.
- Teatro con G na Casa da Cultura.
- Obradoiro de monicreques impartido por alumnado de 5ºEP
- Charlas hábitos de vida saudable impartidas por alumnado de 6ºEP.

Participouse activamente en todas as actividades complementarias propostas polos diferentes equipos.

## **H) Principais conclusións.**

Como conclusión podemos afirmar que o desenvolvemento do curso foi positivo aínda que a diversidade de alumnado e neae, así coma os escasos recursos persoais dificultan que todo o alumnado reciba a mellor atención posible. Sería moi necesario incrementar o profesorado de apoio para vindeiros cursos xa que cada vez nos atopamos grupos máis diversos e nos que as neae son habituais.